

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac8801786786536304367.doc

Asunto: Decreto aprobación Modificación Plan de Invetimentos PI 1-2024

DECRETO

**EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA
PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA PARA MODIFICACIÓN
DO PLAN DE INVESTITENTOS DO EXERCICIO 2024.**

Visto o expediente tramitado para a alteración do plan de investimentos - Modificación Plan de Invetimentos, PI 1-2024, que leva aparelhada unha modificación de crédito da modalidade transferencia entre aplicacións da mesma área de gasto, por un importe total de 134.000 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024, en base ao establecido na Base nº 11 das de Execución

Consistindo dita modificación na minoración das previsións iniciais do Código de Proxecto 24XX00013 "Ponte Vella" por importe de 134.000,00 €, dado que non será factible acometelo esta anualidade, e incrementando as previsións iniciais do Código de Proxecto 24XX00009 (Pavimentacións Zona Sur da Cidade) polo mesmo importe, atendendo ás circunstancias recollidas no informe do Servizo de Inxeñería, do 01.07.2024, asinado polo xefe do servizo, Pablo Fuentes Faílde, coa conformidade do responsable da área xestora, Alexandre Penas Róibas, no que se indica que *"se propón pasar os 134.000,00 € restantes para a partida 15300:61100, código de proxecto 24XX00009 (Pavimentacións zona Sur da Cidade), aos efectos de ter esa cantidade a disposición para outros gastos necesarios (tales como facturas correspondentes á anualidade 2024 de obras iniciadas no 2023, por exemplo)"*.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1063/2024, do 16.07.2024, así como o RCMOD núm.: Ref.: 50248/2024 de 12.07.2024.

Tendo en conta que as alteracións propostas non supoñén unha modificación orzamentaria de competencia plenaria, tal e como se regula na base 11 de execución do orzamento que establece que:

*"A determinación específica dos citados proxectos e o seu financiamento virá establecida no Anexo de investimentos, con especificación do investimento que se realizará e o recurso que o financia. As alteracións no Anexo de investimentos deberán ser aprobadas polo Pleno da corporación cos mesmos requisitos que a aprobación do orzamento, **sempre que esas alteracións esixan modificacións orzamentarias de competencia plenaria**. Aos efectos do disposto neste parágrafo, non se entenderá como alteración do Anexo de investimentos a modificación da fonte de financiamento de cada proxecto específico como consecuencia da aparición de recursos financeiros propios derivados do remanente de tesourería ou do alleamento de investimentos, para o que será suficiente a acreditación de tales recursos e a súa aprobación por decreto da Alcaldía."*

Tendo en conta á súa vez que a base 14ª das de execución do Orzamento Xeral atribúe a competencia para a aprobación dos expedientes de transferencia de crédito á Alcaldía, coa excepción dos que afecten a distintas áreas de gasto e non afecten a créditos de persoal (en aumento e diminución)

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac8801786786536304367.doc

Asunto: Decreto aprobación Modificación Plan de Invetimentos PI 1-2024

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos vía transferencia entre aplicacións da mesma área de gasto e a alteración do plan de investimentos do exercicio 2024 por un importe global de 134.000 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>PROXECTO E PARTIDAS ORZAMENTARIA QUE CEDE CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>PROXECTO E PARTIDA ORZAMENTARIA QUE INCREMENTA CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
24XX00013 (Ponte Vella) Aplicación orzamentaria 15300.61900	134.000 €	24XX00009(Pavimentación Sur da cidade) Aplicación orzamentaria 15300.61100	134.000 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	134.000	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	134.000 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.